

# Modelo docente da Facultade de Ciencias da Educación para o curso 21/22 por mor da COVID-19

(Aprobado pola Xunta de Facultade o 15 de xullo de 2021)

A publicación, o día 1 de xullo de 2021 do documento de previsión de medidas de adaptación das universidades do S.U.G. para o curso 2021/22 por parte da Secretaría Xeral da Consellería de Cultura, Educación e Universidades, xunto coas recomendacións da Vicerreitoría de Planificación Académica e Innovación Docente da UDC, levan a considerar a necesidade de realizar algúns axustes cara á planificación do próximo curso 2021/22.

Os documentos mencionados fan referencia á necesidade de evitar situacións de masificación establecendo un aforo que permita manter a distancia de 1,2 metros nas instalacións do centro (aproximadamente un 50% da capacidade normal das aulas e espazos da Facultade), e continuando coas medidas sanitarias que veñen sendo de aplicación: uso da máscara, xel hidroalcohólico e ventilación. Ao mesmo tempo, reitérase a necesidade de asumir, ata onde as limitacións sanitarias o permitan, o carácter presencial da docencia universitaria.

As instrucións recibidas exclúen por completo a posibilidade de contemplar un confinamento total nas guías docentes, mais obrigan a ter en conta aquelas adaptacións que veñan impostas polo límite de aforo das instalacións e polas posibles incidencias puntuais que se podan producir, para o que será necesario seguir utilizando os recursos síncronos e asíncronos dos que dispón a Universidade para o apoio á docencia e a innovación (email, Teams e Campus Virtual fundamentalmente).

Compatibilizar todo iso non é sinxelo, e finalmente é o profesorado o que, con estas restricións, pero en uso da súa liberdade académica, debe decidir o mellor modo de organizar e desenvolver a súa docencia.

Debido a esta situación, e unha vez analizadas as diferentes opcións existentes, parecen necesarios os seguintes axustes de cara ao próximo curso 2021/22.

## PRINCIPIO XERAL:

Toda actividade que poda ser desenvolvida de xeito presencial, na medida en que a evolución da pandemia, as autoridades sanitarias, a administración e a UDC o permitan, pasarán a esta modalidade (agás o establecido no punto 3), independentemente do modelo docente inicial e sempre dende o suposto de que as incidencias non deberán interromper a continuidade da docencia.

Sempre partindo do principio xeral:

1.- Por mor do número de estudantes matriculados, as clases expositivas en gran grupo das materias obrigatorias e de formación básica dos Graos non poderán ser impartidas presencialmente ata que o aforo oficial o permita. Estas clases figurarán en horario, pero a súa impartición deberá ser realizada a través de presentacións síncronas ou asíncronas que, en calquera caso, terán que ser gravadas (power point con narración, gravacións con TEAMS, etc.) e subidas ao Campus Virtual, co material de acompañamento necesario e antes das clases interactivas coas que estean relacionadas. O profesorado terá necesariamente en conta os problemas de mobilidade que a docencia síncrona poda supoñer para os estudantes.

Si poderán ser impartidas de modo presencial as clases interactivas destas materias, para cuxa realización será obrigatorio o uso de máscara. As titorías individuais poderán ser tanto virtuais como presenciais, mantendo, neste caso, as debidas medidas de seguridade. As titorías grupais é recomendable que sexan virtuais a través de TEAMS.

2.- Os másteres con matrícula inferior a 30 estudantes non se verán afectados por estas medidas e poderán desenvolver presencialmente a súa actividade, sempre con uso obrigatorio de máscara. O Máster Universitario en Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Ensino de Idiomas, verase afectado polo descrito no punto 1 no módulo xenérico debido ao elevado número de estudantes matriculados. A súa Comisión Académica poderá decidir sobre a virtualización tamén das clases interactivas do módulo xenérico e, de estar xustificado, dalgún dos módulos específicos (sempre partindo do Principio Xeral).

3.- O profesorado que, por razóns acreditadas e informadas polo Servizo de

Prevenção de Riscos Laborais, non poida realizar actividade docente presencial, poderá virtualizar completamente a súa materia, sexa obrigatoria ou optativa, de grao ou de máster. O estudantado que acredite mediante informe médico a súa imposibilidade de asistir ao centro por mor da COVID-19, poderán solicitar dispensa de asistencia a clase mediante instancia dirixida ao decano, séndolles de aplicación a normativa vixente<sup>1</sup>.

4.- Aínda que, os puntos anteriores responden á previsión inicial para o próximo curso, todo o profesorado debe prever nas súas guías docentes o modo en que se adaptarían a gromos, peches puntuais de aulas ou do propio centro. Este plan de continxencia para cada materia disporá dun espazo específico na guía docente e nel contemplarase o modo en que se programará a continuidade do ensino.

5.- No relacionado coa avaliación das materias, segue sendo recomendable aumentar o peso da avaliación continua.

Medidas complementarias:

Por razóns de hixiene, limpeza e desinfección do centro, estará prohibido o consumo de alimentos nas aulas.

Aulas de informática: aínda que se extremarán as medidas de limpeza e desinfección de ratos e teclados, os/as usuarios/as deben tomar medidas de autoprotección, polo que é recomendable que limpen con desinfectante ambos os elementos antes e despois de usalos. Estes elementos de limpeza estarán dispoñibles nas aulas, pero os/as usuarios/as poderán utilizar os

---

<sup>1</sup> Segundo as *Normas de avaliación, revisión e reclamación das cualificacións dos estudos de grao e mestrado universitario* ([link](#)), en relación ao alumnado de Matrícula a Tempo Parcial, é recomendable ter en conta os puntos 7.2 e 7.3:

2.- A participación nalgúns das actividades docentes programadas, como poden ser prácticas clínicas, de laboratorio, ou calquera outras que o profesorado teña recollidas como tales nas respectivas guías docentes, poderán ser obrigatorias, se así se indica na correspondente guía docente, que tamén debe indicar se a súa non realización impide a superación da materia

3.- Para os estudantes con dedicación a tempo parcial ou de modalidades específicas de aprendizaxe e apoio á diversidade, o profesorado responsable poderá adoptar na guía docente opcións das actividades de avaliación continua e obrigatorias que considere oportunas para que o estudante poida superar a materia. Excepcionalmente, no caso de que o estudante, por razóns debidamente xustificadas, non puidera realizar todas as probas de avaliación continua, o profesor adoptará as medidas que considere oportunas para non prexudicar a súa cualificación.

seus se o desexan.

As situacións excepcionais, non contempladas neste documento, serán comunicadas ao decanato que resolverá a través da Comisión Académica.

Estas medidas estarán subordinadas ás decisións que as autoridades sanitarias, académicas e a Administración poidan tomar en función da evolución da pandemia.

A Coruña, 15 de xullo de 2021